


U.D 1.INTRODUCCIÓN Á PSICOLOGÍA _parte I

María Suárez Cotelo
mariadelcarmensuarezcotelo@edu.xunta.gal









Por que crees que é necesario que o persoal de emerxencias teña algúns coñecementos de psicoloxía?

1. Permite unha asistencia INTEGRAL (inclúe a esfera psicolóxica). Este tipo de apoio nos primeiros momentos determina a evolución posterior do posible trauma.
2. Facilita o manexo da situación e a colaboración das vítimas.
3. O TES é quen vai estar no escenario dende un primeiro momento (a axuda psicolóxica especializada demórase).

PSICOLOXÍA NAS EMERXENCIAS: a partir de 1942 (incendio local nocturno en Boston-EEUU. Casi 500 falecidos).

1. Psicoloxía

Griego «psiche» (alma) + «logos» (ciencia). Polo tanto é a ciencia da alma.

Ciencia que estuda os procesos mentais, as sensacións, as percepcións e o comportamento do ser humano, en relación co medio ambiente físico e social que o rodea.

O modo en que unha persoa afronta as diferentes situacións que se produzan na súa vida e as respostas que dé a cada unha delas, dependerá basicamente da súa maneira de ser ou personalidade e estará condicionada polas **necesidades** que ten que satisfacer e pola **etapa da vida** na que se atope.

1. Psicología

PROCESOS MENTAIS: pódense clasificar en “procesos psicológicos” e “procesos cognitivos”

Procesos cognitivos:

pensamento,

linguaxe,

aprendizaxe,

intelixencia,

memoria,

atención,

...

Procesos psicológicos:

sensación,

percepción,

emocións,

motivación.

Os **PROCESOS MENTAIS** teñen unha base **biolóxica** (intervén o sistema nervioso + sistema endocrino).

SISTEMA NERVIOSO: controla os procesos psicolóxicos (as sensacións, a percepción), e os procesos cognitivos (pensamento, linguaxe, aprendizaxe, intelixencia, memoria, atención, ...).

SISTEMA NERVIOSO + ENDOCRINO: controlan os procesos psicolóxicos (emocións e a motivación).

1.1 psicoloxía xeral e aplicada

Psicoloxía Xeral

Estuda as funcións psicolóxicas ou procesos mentais, creando una serie de teorías básicas sobre a mente e a conducta humana que, mediante as técnicas apropiadas, permiten dar resposta aos problemas aos que se enfrenta o ser humano.

Psicología aplicada

Utiliza os coñecementos descubertos pola psicoloxía xeral sobre a mente e a conducta humana e aplica os sobre as cuestións que queremos resolver.

1.2 funcións da psicoloxía

Comprender como é e como funciona a mente humana: cales son os procesos mentais, describilos e explicar o seu funcionamento.

Coñecer a evolución da persoa a través das súas etapas, dende a infancia ata a vellez, e axudar nun adecuado desenvolvemento (psicoloxía evolutiva).

Buscar a mellora en todo tipo de relacións sociais e resolución de conflitos (amistade, laborais, sociais...)

Axudar a aquelas persoas que presentan algunha psicopatoloxía, comprendendo o seu funcionamento e procurando a súa curación ou melloría.

Axudar a entender como reacciona o ser humano en situacións críticas e identificar e poñer en marcha estratexias para un adecuado enfrentamento da situación.

1.3 Especialidades da psicoloxía

Dentro da psicoloxía existen especialidades ou ramas cuxo obxecto de estudo é específico.



? **PSICOLOXÍA DAS EMERXENCIAS**

Ao longo da historia da humanidade, os desastres e as catástrofes provocaron perdas de vidas humanas, materiais e de todo tipo.

Isto provocou a necesidade de aplicar os estudos e investigacións propios da psicoloxía no ámbito das emerxencias, os desastres e as catástrofes, ata o punto de que dende moitos lugares e autores sinalase a psicoloxía de emerxencias como unha nova especialidade no ámbito sanitario e social.

1.4 procesos psicológicos

1.4.1 SENSACIÓN

1.4.2 PERCEPCIÓN

1.4.3 AS EMOCIÓN

1.4.4 A MOTIVACIÓN

1.4.1 SENSACIÓN

De onde nos chega a información que recibimos?

Mundo exterior: órganos dos sentidos

Interior?

vexiga chea
sensación de fame
sensación de plenitude no
estómago
palpitacións
nerviosismo

.....



1.4.1 SENSACIÓN

- O ser humano está continuamente recibindo información, tanto do exterior (vista, oído, gusto, olfato e tacto) como do interior (información corporal-vexiga chea, posición do corpo...).
- **A SENSACIÓN:** é o proceso de estimulación dos receptores sensoriais (externos e internos) e a chegada de esa información ao cerebro.
- **A PERCEPCIÓN:** é a forma en que o cerebro organiza e interpreta esas sensacións, para darlles significado e sentido.

1.4.1 SENSACIÓN

Por tanto, un mesmo estímulo pódese percibir de maneiras diferentes dependendo de diversos factores (na mesma persoa e entre persoas distintas).

1.4.2 PERCEPCIÓN

FACTORES INFLÚEN NA PERCEPCIÓN:

- Características do estímulo: intensidade (luz)
- Atención (movimientos fetales) e a memoria
- Grupo social: a percepción tende a ir na dirección que asume o grupo.
- ? Características da persoa:
 - ? Motivación: ante una necesidade (fame) percíbese máis facilmente o obxecto que pode satisfacela)
 - ? Cultura (costumes, crenzas...), o grupo social.
 - ? Afectividade: as situacións afectivas ou emocionais extremas alteran a percepción. (O paso do tempo nas urxencias).
 - ? Autoestima (ver o vaso medio cheo/medio vazio)
 - ? Expectativas: tendese a percibir o que se espera
 - ? Persoalidade (máis adiante)
 - ? Trastornos: daltonismo, psicosis, drogas...

1.4.2 PERCEPCIÓN

As situacións de emerxencia son unha situación anormal na que moitos dos puntos anteriores alteranse considerablemente. Por este motivo, debemos ter en conta que o paciente percibe todo de maneira diferente a NÓS (tamén nos pasará a nós, como sanitarios, se na emerxencia nos atopamos a un familiar...).

1.4.2 PERCEPCIÓN

- A percepción do mundo que nos rodea é algo totalmente **subxectivo**.
- Ademáis dos factores anteriores, existen varias leis que intentan explicar por que percibimos dunha determinada forma ou outra.


1.4.2 PERCEPCIÓN

LEI DA EXPERIENCIA: Na interpretación dunha sensación ten gran importancia a experiencia da persoa, podendo modificar a súa percepción.

1.4.2 PERCEPCIÓN_LEI DA EXPERIENCIA

**3573 M3N54J3 35 94R4 D3M057R4R L45
C0545 74N INCR3I8L35 QU3 9U3D3
H4C3R NU357R0 C3R38R0. 5I L06R45
L33R 3570 9U3D35 53N7IR73
0R6ULL050 D3 7U IN73LI63NCI4, Y4
QU3 50L0 CI3R745 93R50N45 L0
L06R4N. 35T0 53 D383 4 QU3 3L
H3M15F3R10 D3R3CH0 D3L C3R38R0
450C14 L05 51M80L05 94R3C1D05 4 L45
L3TR45 QU3 C0N0C3M05 N0RM4LM3NT3
Y 451 L06R4M05 L33R C0N F4C1L1D4D.
D4L3 M3 6U574 Y 9364L0 3N 7U MUR0 51
L0 L06R4573**

1.4.2 PERCEPCIÓN LEÍDA EXPERIENCIA



1.4.2 PERCEPCIÓN_LEI DA EXPERIENCIA

Exemplo no contexto sanitario: [Bing Vídeos](#)

No voso primeiro contrato como TES acudides a unha chamada de emerxencias na que vos comunican que houbo un accidente de moto. Cando chegades ao lugar dos feitos atopádesvos con dous feridos. Asistes primeiro ao máis grave, e un dos procedementos que realizas é colocarlle unha cánula de Guedel. O outro accidentado, que estaba explicando o sucedido, ao ver esta asistencia comeza a poñerse máis nervioso e rompe a chorar.

Seguramente, se soubese que é e para que se utiliza, a percepción de esa técnica sería diferente. O descoñecemento do material por parte do paciente pode provocar desconfianza e temor. Por iso sempre conven explicar para que serve cada aparato.

1.4.2 PERCEPCIÓN_LEI DA SEMELLANZA

LEI DA SEMELLANZA: O ser humano tende a agrupar aqueles obxectos análogos (que se parecen físicamente) e outorgarlles as mesmas características.

1.4.2 PERCEPCIÓN_LEI DA SEMELLANZA



1.4.2 PERCEPCIÓN_LEI DA SEMELLANZA

Exemplo no contexto sanitario:


Cando cheguedes a un accidente, ao ir tódolos profesionais coa mesma vestimenta, é probable que os pacientes non saiban diferenciar a uns de outros.

1.4.2 PERCEPCIÓN_LEI DE CONTRASTE

LEI DE CONTRASTE: O entorno no que se atopa o obxecto que percibimos pode influir na súa percepción. É dicir, éste pódese percibir diferente dependendo do contexto no que se atope.


1.4.2 PERCEPCIÓN_LEI DE CONTRASTE

Ley de contraste



¿Líneas paralelas?

1.4.2 PERCEPCIÓN_LEI DE CONTRASTE



1.4.2 PERCEPCIÓN_LEI DE CONTRASTE

Contexto sanitario:

ante unha mesma ferida, como por exemplo, unha fractura aberta, a percepción da gravidade pode vir determinada polo contexto no que se atope. Se os que están arrededor están sans ou con feridas leves, esta pode parecer en principio máis grave do que é. Mentres que se a persoa ferida se atopa nun accidente grave, con mortos, amputados ou moi graves, a percepción da gravidade da fractura pode verse diminuída, xa que se compara co entorno no que se atopa.

1.4.2 PERCEPCIÓN_LEI DE PROXIMIDADE

LEI DE PROXIMIDADE: O ser humano tende a agrupar aqueles elementos que se atopan cerca.



Busca un exemplo de esta lei aplicada ao ámbito sanitario.

1.4.2 PERCEPCIÓN_AUTOESTIMA

A AUTOESTIMA é a percepción que temos de nós mesmos, un sentimento valorativo do noso conxunto de rasgos corporais, mentais e espirituais que forman a persoalidade, e ésta está relacionada con como nos sintamos en cada momento.